

MEMORIA DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA REALIZADA POLOS DEPARTAMENTOS, INSTITUTOS,
CENTROS SINGULARES, ESTACIÓNS E GRUPOS DE INVESTIGACIÓN
ANO 2015

Benquerido/a investigador/a,

Co fin de que os departamentos, grupos de investigación, Institutos e Centros Singulares de Investigación dispoñan o mais asiña posible dos fondos económicos derivados da axuda á investigación correspondente, no pasado mes de xaneiro procedeu xa ao pagamento dos importes concedidos con cargo ao exercicio económico 2016, empregando para ilo o reparto resultante dos últimos datos de produción científica rexistrados (2013-2014)¹.

Compre agora actualizar a Produción Científica da USC correspondente ao pasado ano, polo que o vindeiro día 8 de febreiro procederá a abrir o período de rexistro da **Memoria da Produción Científica realizada no ano 2015 polos departamentos, institutos de investigación, centros singulares, estacións e grupos de investigación.**

Agradecemos este esforzo tanto aos grupos e investigadores da USC, como aos administrativos de apoio, ao tempo que queremos enfatizar a importancia e valor estratéxico de esta información para a defensa e promoción de iniciativas e estratexias de apoio á investigación e, adicionalmente, na defensa dos criterios que deben marcar os indicadores do novo Plano de Financiamento.

Quero chamar a túa atención sobre a importancia que ten que desde a dirección do dpto./inst./estación ou centro singular polo que se presenta a produción, se supervise a correcta presentación da documentación. É necesario axustarse o mais posible ás instrucións que se achegarán xa que como sabes, a avaliación das actividades faise de xeito totalmente automático mediante unha aplicación informática. Os departamentos, institutos, estacións e centros singulares constitúen as unidades científicas básicas da nosa Universidade nas áreas da súa competencia e, como tal, deben asegurar que as contribucións presentadas sexan actividades valorabeis e que se sitúen nos apartados correspondentes.

Agradecendo a túa colaboración, recibe un cordial saúdo

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2016



Isabel Rodríguez-Moldes Rey
Vicerreitora de Investigación e Innovación

¹ <http://imaisd.usc.es/guiaconvocatorias.asp?i=gl&s=-2-26-51&id=2816&t=8&st=0>